



# BOP

MÉRCORES, 28 DE AGOSTO DE 2019

N.º 197

## DEPUTACIÓN DE LUGO

[boletin@deputacionlugo.org](mailto:boletin@deputacionlugo.org)  
[www.deputacionlugo.gal](http://www.deputacionlugo.gal)

Dep. Legal: LU-1-1968

Administración: San Marcos, 8 - 27001 Lugo  
Tel.: 982 260 124/25/26 - Fax: 982 260 205

### XUNTA DE GALICIA

#### CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE. AUGAS DE GALICIA. SERVIZO TERRITORIAL DE LUGO

##### *Anuncio*

#### INFORMACIÓN PÚBLICA

Xosé Manuel Casabella López solicita de Augas de Galicia a autorización de obras en zona de policía. O presente anuncio ten por obxecto abrir a regulamentaria información pública que prescribe o art. 52 do Regulamento do dominio público hidráulico. Expediente: DH.W27.67627.

As obras solicitadas consisten na consolidación da estrutura e cuberta dun edificio de vivendas na finca con referencia catastral 6133108PJ2263S0001FJ, na zona de policía do río Ferreira, na praza de Santa María nº 11, no concello do Valadouro (Lugo).

O que se fai público para xeral coñecemento, por un prazo de **vinte (20) días** a partir do seguinte á data de publicación no Boletín Oficial da Provincia, co fin de que os que se sintan prexudicados poidan presentar as súas reclamacións, durante o prazo sinalado, no Concello do Valadouro ou nas oficinas deste servizo, situadas na Ronda da Muralla, 70, 2º, onde estará exposto o expediente de que se trata, para que poida ser examinado por quen o desexe.

Lugo, 26 de xullo de 2019.- A xefa do servizo territorial, Rocío Carreira Carral.

R. 2590

##### *Anuncio*

#### INFORMACIÓN PÚBLICA

José Francisco Fernández Vizoso solicita de Augas de Galicia a autorización de obras en zona de policía. O presente anuncio ten por obxecto abrir a regulamentaria información pública que prescribe o art. 52 do Regulamento do dominio público hidráulico. Expediente: DH.W27.65600.

As obras solicitadas consisten na construción dun peche de 22,50 metros de lonxitude e 1,50 metros de altura na finca de referencia catastral 27067A060008720000XJ, na zona de policía do río Galdo, a uns 90 metros da súa canle, no lugar de Santeira nº 20, na parroquia de Galdo, no concello de Viveiro (Lugo).

O que se fai público para xeral coñecemento, por un prazo de **vinte (20) días** a partir do seguinte á data de publicación no Boletín Oficial da Provincia, co fin de que os que se sintan prexudicados poidan presentar as súas reclamacións, durante o prazo sinalado, no Concello de Viveiro ou nas oficinas deste servizo, situadas na Ronda da Muralla, 70, 2º, onde estará exposto o expediente de que se trata, para que poida ser examinado por quen o desexe.

Lugo, 22 de xullo de 2019.- A xefa do servizo territorial, Rocío Carreira Carral.

R. 2591

## CONCELLOS

### BARREIROS

#### *Anuncio*

#### **SELECCIÓN COMO PERSOAL LABORAL TEMPORAL DE CONSERXE PARA O COLEXIO DE SAN MIGUEL DE REINANTE.**

Por Resolución de alcaldía, aprobanse o 23 de agosto, as bases que rexerán a convocatoria para a selección dunha persoa, como persoal laboral temporal, para desempeñar as labores de conserxe no Colexio de San Miguel de Reinante, que teñen o seguinte contido:

#### **1. - OBXECTO.**

O obxecto destas bases é establecer as normas e procedemento para a selección dunha persoa para cubrir temporalmente o posto de conserxe do CEIP de San Miguel de Reinante, ata que dita praza se cubra de forma definitiva mediante o correspondente proceso selectivo que se pretende iniciar antes de finais deste ano 2019.

A relación xurídica co concello será de persoal laboral temporal, grupo de cotización 8 e salario bruto mensual de 1.050 €, que inclúe a parte proporcional das pagas extras. As vacacións correspondentes que non se podan disfrutar abonaránse ó final do contrato, xunto coa indemnización de fin do mesmo.

O horario de traballo será de 8:30 a 16:00 horas de luns a venres.

As principais tarefas que terá que desenvolver a persoa seleccionada serán as seguintes:

- recepción e atención do alumnado do Programa “Abrente”, en horario de 8:30 a 9:15 horas.
- Revisión e mantemento dos espazos dentro do recinto: reparacións rutinarias (persianas, luces, billas, ...), comunicar desperfectos ó concello, mantemento do patio de zonas axardinadas (cortar ó césped, xestionar a poda de árbores, limpeza dos patios, vaciado dos contenedores e xestión do lixo para reciclaxe,...).
- Mantemento da calefacción: revisión inicial de posta a punto, revisión do depósito de gasoil para avisar antes de que se vacíe, encendido e apagado da calefacción, control dos niveis do depósito de propano da cociña, ...
- Movemento e traslado de mobiliario e equipos.
- Reposición de toallitas, papel hixiénico e xabón.
- Reparto de circulares e información polas clases cando sexa necesario.
- Control da entradas e saídas da persoas alleas ó centro.
- Timbrar para as entradas e saídas.
- Recollida e entrega de correspondencia.
- Realizar fotocopias, encadernacións, plastificacións, cando así se lle requira.
- Atender ó teléfono en caso de non haber profesorado.
- Control para a reposición de material didáctico e escolar de uso común (folios, tizas, bolígrafos, grapas,...)
- Labores de apoio á limpeza cando así sexa necesario e se indique polo Centro ou polo Concello.

#### **2.- CONDICIÓNS DOS ASPIRANTES.**

Para ser admitidos no proceso de selección os aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos á data de finalización de presentación de solicitudes e deberán gozar destes durante todo o prazo nas que as mesmas estean en vigor:

a) Ter nacionalidade española ou algunha outra que, con arranxo ó disposto no artigo 52 da lei 2/2015, de 29 de abril, do Empego Público de Galicia, permita o acceso ó emprego público.

Poden acceder ó emprego público como persoal laboral en igualdade de condicións coas persoas de nacionalidade española:

- As persoa que posúan nacionalidade doutros estados membros da Unión Europea.
- As persoas, calquera que sexa a súa nacionalidade, que sexan cónxuxes de persoas que posúan a nacionalidade española ou doutros membros da Unión Europea, sempre que non estean separadas de dereito.
- As persoas, calquera que sexa a súa nacionalidade, descendentes do cónxuxe non separado de dereito de persoas que posúan a nacionalidade española ou doutros membros da Unión Europea, sempre que sexan menores de 21 anos ou maiores de dita idade dependentes.
- As persoas incluídas no ámbito de aplicación dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España nos que sexa de aplicación a libre circulación de traballadores.

- b) Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder da idade máxima de xubilación forzosa.
- c) Posuír as capacidades e aptitudes físicas e psíquicas que sexan necesarias para o desempeño das correspondentes funcións ou tarefas.
- d) Estar en posesión da titulación esixida. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro deberán posuír o documento que acredite fidedignamente a súa homologación.
- e) Posuír coñecemento do idioma galego, que se acreditará segundo o establecido.
- f) Non estar separado, mediante expediente disciplinario, do servizo de ningunha Administración Pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin acharse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se tratase de acceder á mesma categoría profesional á que se pertencía.
- g) Cumprir, no momento de formalización do contrato laboral temporal, os requisitos esixidos na lei 53/1984, de incompatibilidades do persoal ó servizo das administracións públicas.
- h) Contar con carnet de conducir e vehículo para os desprazamentos.
- i) Por tratar con menores, deben contar co certificado do Rexistro Central de delinquentes Sexuais que acredite non ter sido condenado/a en sentenza firme por estes delitos. No caso de non contar con este certificado, deberá presentar como mínimo copia da solicitude do mesmo dentro do prazo de presentación de solicitudes. (No concello facilitaránlles o modelo para facer esta solicitude en caso de precisalo).

### 3.- INSTANCIAS.

As persoas que desexen entrar a formar parte do proceso de selección, deberán presentar solicitude no modelo oficial que se facilitará nas oficinas municipais e na páxina web do concello.

As solicitudes presentaránse no Rexistro Xeral deste concello ou nalgún dos lugares previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do Procedemento administrativo común das administracións públicas, incluída a sede electrónica municipal.

As solicitudes que non se presenten no Rexistro Xeral do Concello, e se fagan a través doutros medios (correo, ventanilla única doutra administración, ...) deberán comunicalo dentro do prazo mediante fax ó número 982124110, remitindo copia anexa da solicitude presentada. Serán excluídas todas as solicitudes que non remitan este avance ó fax dentro do prazo de presentación de solicitudes.

O prazo de presentación de solicitudes será de OITO días naturais (contan sábados, domingos e festivos) contados dende o día seguinte ó da publicación do anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, xa que urxe moito a contratación deste persoal, xa que o curso académico comenza o 11 de setembro.

### 4.- DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR COA SOLICITUDE.

Coa solicitude deberá presentarse necesariamente a seguinte documentación:

- Copia do DNI ou pasaporte. Ademais, os/as aspirantes estranxeiros/as, deberán presentar documentos que acrediten que son nacionais da Unión Europea ou dalgún dos Estados ós cales, en virtude de tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, sexan de aplicación a libre circulación de traballadores.
- Certificado de estudos realizados. Requírese como mínimo a EXB ou ESO.
- Certificado do coñecemento do idioma galego.
- Copia do carnet de conducir.
- No seu caso, documentación que acredite a súa experiencia profesional.
- No seu caso, titulación específica ou cursos realizados que estean directamente relacionados co posto de traballo para a súa baremación.

### 5.- ADMISIÓN DE ASPIRANTES E MESA DE AVALIACIÓN.

Serán admitidos os aspirantes que presenten as solicitudes no prazo indicado e reúnan os requisitos establecidos nestas bases e nas específicas.

Unha vez transcurrido ese prazo reuniráse unha Mesa de Avaliación que valorará cada unha das instancias conforme aos criterios establecidos nas bases específicas ao obxecto de elaborar as listas. A Mesa de Avaliación estará integrada por tres persoas que serán funcionarios ou persoal laboral fixo, preferentemente do propio concello de Barreiros, inda que se poderán designar membros doutras Administracións Públicas segundo as necesidades de cada caso.

A Mesa de Avaliación resolverá por maioría de votos dos seus membros presentes tódalas dúbidas e propostas que xurdan para aplicación das normas contidas nestas bases e nas bases específicas de que se trate, e estará facultada para resolver as cuestións que se promovan durante a valoración dos méritos, así como a adoptar as medidas necesarias que garantan a debida orde deste proceso en todo o que non estea previsto nestas bases.-

Sempre deberán estar presentes como mínimo, dous dos tres membros da Mesa de Avaliación.

Os membros da Mesa de Avaliación deberán absterse de intervir, notificándollo á alcaldía, cando concorran neles algunhas das circunstancias previstas nos artigos 23 e 24 da lei 40/2015, de réxime xurídico das administracións públicas.

A relación de aspirantes admitidos coa valoración de méritos correspondente publicarase na sede electrónica e no taboleiro de anuncios do concello e haberá un prazo de tres días naturais para reclamacións.

#### **6.- VALORACIÓN DE MÉRITOS:**

Os méritos dos aspirantes, valoraranse de acordo co seguinte baremo:

##### **a) EXPERIENCIA PROFESIONAL:**

- Experiencia na prestación do servizo de conserxe en Colexios: 0,5 puntos por mes traballado ata un máximo de 3 puntos.

- Experiencia na prestación de servizos que teñan unha certa similitude nas tarefas a desempeñar neste posto de traballo: 0,5 puntos por mes traballado ata un máximo de 2 puntos.

A experiencia profesional acreditarase mediante o correspondente contrato laboral acompañado da vida laboral, ou ben cun certificado de empresa onde consten todos os datos necesarios para realizar esta valoración.

##### **b) FORMACIÓN:**

- Por contar con algunha titulación relacionada coa atención ou coidado de nenos/as (pedagogía, mestre, técnico de educación infantil, puericultura,...): 3 puntos.

- Por cursos relacionados co posto de traballo. Máximo 2 puntos. 0,5 puntos por curso realizado.

Acreditaranse cos correspondentes diplomas oficiais.

##### **c) COÑECEMENTO DO GALEGO:**

- Contar co CELGA 1 ou equivalente: 0,25 puntos

- Contar co CELGA 2 ou equivalente: 0,50 puntos

- Contar co CELGA 3 ou equivalente: 0,75 puntos

- Contar co CELGA 4 ou equivalente: 1 punto

De contar con varios certificados únicamente se valorará o de maior puntuación.

##### **d) CIRCUNSTANCIAS PERSOAIS:**

- Por ser menor de 30 anos ou maior de 45: 1,5 puntos adicionais.

- Por estar en situación de desemprego: 1 punto adicional.

A situación de desemprego acreditaráse coa tarxeta da Oficina de Emprego correspondente.

Os méritos deberanse posuírse na data en que remate o prazo de presentación de instancias, computándose, en calquera caso, ata a devandita data, sendo valorados así mesmo, só os que se aleguen coa presentación da instancia.

Trala valoración do concurso, poderase realizar unha entrevista ou proba práctica para ver as aptitudes e capacidade de cada aspirante e determinar cal sería o mais axeitado para ocupar o posto de traballo.

#### **7.- PUBLICACIÓN DAS LISTAS.**

Rematada a cualificación dos aspirantes, a Mesa de Valoración fará un acta da valoración final dos aspirantes e propondrá á alcaldía a contratación daquel aspirante que obtivese unha maior puntuación. Esta acta publicarase na sede electrónica municipal e no Taboleiro de Anuncios do Concello, e contra a mesma poderán presentar reclamacións os interesados no prazo de cinco días hábiles, contados a partir do día seguinte á súa exposición.

Cos aspirantes que non resulten contratados formarase unha bolsa de Emprego para cubrir posibles baixas ou substitucións, ata que se volvan a realizar novas probas selectivas.

#### **8.- RECURSOS.**

As presentes bases, así como cantos actos administrativos se deriven dela e da actuación do Tribunal, poderán ser impugnados polos interesados nos casos e na forma establecida na Lei 39/2015, do Procedemento administrativo común das Administracións Pública.

Asimesmo, a xurisdicción competente para resolver as controversias en relación cos efectos e resolución do contrato laboral será a Xurisdicción Social.

---

Contra a convocatoria e as súas bases, que esgotan a vía administrativa, poderase interpoñer polos interesados recurso de reposición ante o alcalde no prazo dun mes, previo ó contencioso-administrativo no prazo de dous meses ante o Xuzgado Contencioso-administrativo ou, a partir do día seguinte ó de publicación do seu anuncio no BOP.”

**ANEXO I****SOLICITUDE PARA PARTICIPAR NO PROCESO SELECTIVO DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL PARA CUBRIR UN POSTO DE CONSERXE NO COLEXIO DE SAN MIGUEL DE REINANTE**

D./D.<sup>a</sup> \_\_\_\_\_ con DNI \_\_\_\_\_,  
 con enderezo a efectos de notificación en \_\_\_\_\_  
 \_\_\_\_\_, teléfono \_\_\_\_\_;  
 Número da seguridade Social \_\_\_\_\_; correo electrónico \_\_\_\_\_

**EXPOÑO:**

1. Que tiven coñecemento da convocatoria anunciada polo Concello de Barreiros para a contratación laboral temporal que se indica.
2. Que coñezo e acepto as bases que rexen dita selección e que reúno os requisitos esixidos.
3. Que estou capacitado/a para o desempeño deste tipo de postos de traballo.
4. Que solicito ser incluído en dito proceso selectivo e para iso presento a seguinte documentación:

Copia do DNI ou pasaporte. Ademais, os/as aspirantes estranxeiros/as, deberán presentar documentos que acrediten que son nacionais da Unión Europea ou dalgún dos Estados ós cales, en virtude de tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, sexan de aplicación a libre circulación de traballadores.

Copia da titulación esixida.

Copia do carné de conducir.

Certificado do Rexistro Central de delinquentes sexuais.

Documentación acreditativa dos méritos alegados para o concurso:

Por iso, SOLICITO:

Ser admitido/a neste proceso selectivo. O/A abaixo firmante declara baixo a súa responsabilidade que son certos todos os datos obrantes na presente solicitude e que reúne todas e cada unha das condicións e requisitos esixidos para participar na presente convocatoria, así como que acata integramente o contido das bases.

E declaro que coñezo as cláusulas de protección de datos que se incorporan no anverso desta solicitude.

Barreiros, \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2019

Sinatura: \_\_\_\_\_

**INFORMACIÓN SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS**

De acordo co establecido pola normativa vixente en materia de protección de datos, informámoslle de que o Responsable de Tratamento dos seus datos persoais é CONCELLO DE BARREIROS, con dirección RUA VILA, 63 SAN COSME DE BARREIROS, 27790 - BARREIROS (LUGO); administracion@concellodebarreiros.com.

**1.- FINALIDADE DO TRATAMENTO:** Os datos serán utilizados para prestarlle o servizo solicitado na presente instancia. O feito de que non nos facilite parte da información solicitada poderá supoñer a imposibilidade de prestarlle o servizo solicitado **PRAZO DE CONSERVACIÓN:** os datos facilitados conservaranse durante o tempo necesario para poder atender a súa solicitude, así como para dar cumprimento legal ás xestións administrativas derivadas da prestación do servizo

**2.- LEXITIMACIÓN:** Este tratamento de datos persoais está lexitimado polo consentimento que nos outorga ao realizar a solicitude de prestación do servizo.

**3.- DESTINATARIOS DE CESIÓNS:** CONCELLO DE BARREIROS non cederá os seus datos de carácter persoal, salvo por obriga legal. Contratamos a nosa infraestrutura virtual segundo un modelo de "computación na nube" a través de CUBENODE SISTEM, SL e ao amparo do acordo EU-US Privacy Shield.

**4.- DEREITOS:** Ten vostede dereito a acceder, rectificar ou suprimir os datos erróneos, solicitar a limitación do tratamento dos seus datos así como opoñerse ou retirar o consentimento en calquera momento e solicitar a portabilidade dos mesmos. CONCELLO DE BARREIROS dispón de formularios específicos para facilitarlle o exercicio dos seus dereitos. Pode presentar a súa propia solicitude ou solicitar os nosos formularios, sempre acompañados dunha copia do seu DNI para acreditar a súa identidade.

Barreiros, 23 de agosto de 2019.- A Alcaldesa, Ana Belén Ermida Igrexas.

R. 2601

## BECERREÁ

### *Anuncio*

#### INFORMACIÓN PÚBLICA

Dacordo co disposto no art. 169 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais ó que se remite o artigo 177 do mesmo texto, e no artigo 20.1 en relación co 38.2 do Real Decreto 500/90, de 20 de abril, ponse en coñecemento que na Secretaría-Intervención deste Concello atópase exposto ó público o expediente número 800/2019, de modificación de créditos 9/2019; suplemento de crédito con aplicación de superávit orzamentario e modificación do anexo de inversión.

Os interesados lexítimos segundo o disposto polo art. 170 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e polos motivos fixados no número dous do mesmo, poderán presentar reclamacións conforme ós seguintes trámites:

- a) Prazo de exposición e admisión de reclamacións: 15 días hábiles a partir do seguinte ó da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.
- b) Oficina de presentación: Rexistro Xeral.
- c) Órgano ante o que se reclama: Pleno do Concello de Becerreá.

Becerreá, 22 de agosto de 2019.- O Alcalde, Don Manuel Martínez Núñez.

R. 2592

## CASTROVERDE

### *Anuncio*

Por Resolución de Alcaldía do 16 de Agosto de 2019 prestouse aprobación ao Padrón do prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar correspondente ao mes de xullo de 2019, e exponse ao público polo prazo de quince días contados a partir do seguinte da súa publicación ao obxecto de que poida ser examinado e presentar contra o mesmo as reclamacións que se estimen pertinentes. Así mesmo faise saber que dita publicación servirá de notificación colectiva a todos os contribuíntes nel comprendidos ao amparo da Lei Xeral Tributaria.

Castroverde, a 20 de agosto de 2019.- O Alcalde, Eduardo Álvarez López.

R. 2604

## GUNTÍN

### *Anuncio*

Faise público que por esta Alcaldía con data 21 de agosto de 2019, ditouse a seguinte resolución, que literalmente di o que segue:

De conformidade co disposto no artigo 20 da Lei 7/1985 e lexislación concordante e unha vez creada a Xunta de Goberno Local, por acordo pleno do cinco de xullo de dous mil dezanove, ACORDEI:

1.- Que conformarán a Xunta de Goberno Local, xunto coa Sra. Alcaldesa que a preside, os Tenentes de Alcalde:

- D. José Javier Santiso Iglesias (1º Tenente de Alcalde).
- D. Vidal López Rodríguez (2º Tenente de Alcalde).

e o Concelleiro:

- D. José Vázquez Barreiro.

2.- Corresponde á Xunta de Goberno Local:

- a) A asistencia ao Alcalde no exercicio das súas atribucións:
- b) As competencias delegadas por o Pleno ao seu favor en sesión do cinco de xullo de dous mil dezanove.

3.- As que esta Alcaldía de forma expresa lle delega e que a continuación se reseñan:

1.- A autorización e disposición de gastos, a excepción dos seguintes:

- As que se refiran ao pagamento de nóminas de persoal, pensións, contribucións, administración e cobranza de exaccións, pagamento de amortizacións e intereses de préstamos, primas de seguros, recollida de lixo, anuncios, subscricións, material de oficina, mantemento de equipos e programas informáticos, seguridade social, correspondencia postal, telegráfica e telefónica e cargas, taxas e impostos doutras administracións.
- As motivadas por indemnizacións e gastos a membros corporativos no exercicio das súas funcións, así como gastos de locomoción de corporativos e funcionarios.
- As motivadas por gastos de carácter periódico, así como as derivadas do normal mantemento das infraestruturas e servizos que non excedan do 5.000,00€.
- As que sexan consecuencia da contratación na modalidade de contrato menor.
- A solicitude de inclusión de obras en Planos Provinciais, da Comunidade Autónoma ou de outras Administracións.
- A solicitude de delegación de competencias para a contratación e execución de obras e servizos con outras administracións.
- A aprobación de proxectos técnicos e memorias valoradas cando sexa competente para a súa contratación ou concesión e estean previstos no orzamento. Exceptúanse os proxectos técnicos e memorias valoradas cuxa contratación se leve a cabo na modalidade de contrato menor que quedan como competencia da propia Alcaldía.
- O outorgamento de licenzas, salvo que as leis sectoriais o atribúan expresamente ao Pleno ou á Xunta de Goberno Local, agás as licenzas para a celebración de festexos populares, as licenzas definitivas de apertura de establecementos, as licenzas de expedientes sometidos a avaliación de incidencia ambiental e as licenzas de ocupación de terreo público.
- A declaración de caducidade e de prórrogas das licenzas.
- A emisión de informes urbanísticos nos termos establecidos na lexislación vixente.
- Todas as que lle atribúan as Leis.

Por razóns de urxencia a Alcaldía poderá avocar estas competencias, dando conta do acordo adoptado á Xunta de Goberno Local.

4.- A Xunta de Goberno Local celebrará sesións ordinarias o 1º e 3º venres de cada mes ás 13:30 horas.

5.- A sesión constitutiva celebrarase o 23 de agosto de 2019 ás 14:00 horas.

6.- Do presente decreto darase conta ao Pleno na primeira sesión que celebre notificándose aos designados e publicándose no B.O.P., sen prexuízo da súa efectividade dende o día seguinte ao da sinatura desta Resolución pola Alcaldesa.

7.- Quedan derogados os Decretos e Resolucións, así como calisquer outra disposición que se opoña ao contrario do presente Decreto.

Guntín, 22 de agosto de 2019.- A Alcaldesa, María José Gómez Rodríguez.

R. 2593

## MURAS

### *Anuncio*

Visto que corresponde aos tenentes de alcalde, en canto tales, substituír na totalidade das súas funcións e pola orde do seu nomeamento, ao alcalde, nos casos de ausencia, enfermidade ou impedimento que imposibilite a este para o exercicio das súas atribucións, así como desempeñar as funcións do alcalde nos supostos de vacante na Alcaldía ata que tome posesión o novo alcalde.

Visto que durante os días 1 a 11 de setembro de 2019 ambos inclusives, o Sr. alcalde atoparase ausente do municipio.

Por todo iso, en virtude do disposto nos artigos 23.3 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e de acordo cos artigos 44 e 47 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro,



**RESOLVO:**

**PRIMEIRO.**–Delegar en dona Belén Chao Ramil, primeira tenente de alcalde, a totalidade das funcións da Alcaldía, nos termos do artigo 23.3 Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, durante o período do 1 ao 11 de setembro, ambos inclusivos.

**SEGUNDO.**–A delegación comprende as facultades de dirección e de xestión, así como a de resolver os procedementos administrativos oportunos mediante a adopción de actos administrativos que afecten a terceiros.

**TERCEIRO.**–O órgano delegado ha de informar a esta Alcaldía, a posteriori, e, en todo caso, cando se lle requira para iso, da xestión realizada e das disposicións ditadas no período de referencia, e con carácter previo daquelas decisións de transcendencia, tal e como se prevé na o artigo 115 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro.

**CUARTO.**–A delegación conferida no presente Decreto requirirá para a súa eficacia a aceptación do órgano delegado, entendéndose esta outorgada tácitamente si non se formula ante esta Alcaldía expresa manifestación de non aceptación da delegación no termo de tres días hábiles contados desde o seguinte a aquel en que lle sexa notificada esta resolución.

**QUINTO.**–A presente resolución será publicada no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

**SEXTO.**–No non previsto expresamente nesta resolución aplicaranse directamente as previsións da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, en canto ás regras que para a delegación se establecen en devanditas normas.

**SEPTIMO.**– Contra este Decreto, que pon fin á vía administrativa, de conformidade co que establece o artigo 52 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e de acordo co que dispón o artigo 123 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, poderá interperse, con carácter previo e potestativo, Recurso de Reposición ante a Alcaldía deste Concello, no termo dun mes a contar desde o día seguinte á recepción da súa notificación, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Santiago de Compostela, no termo de dous meses, a contar desde o día seguinte á recepción da súa notificación. No entanto, poderá interpor calquera outro, si o considera conveniente.

**OITAVO.**– Dar conta ao Pleno da Corporación na seguinte sesión que se celebre en cumprimento do establecido no artigo 42 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

En Muras, 23 de agosto de 2019.- Sr. Alcalde D. Manuel Requeijo Arnejo, do que eu, D José Orosa González, secretario accidental, dou fe.(Asinado aos efectos do artigo 3 do RD 128/2018, de 16 de marzo)

R. 2605

**MINISTERIO PARA A TRANSICIÓN ECOLÓXICA****CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DO MIÑO-SIL, O.A. COMISARÍA DE AUGAS***Anuncio***INFORMACIÓN PÚBLICA****A/27/24575-1**

Ayuntamiento de Chantada, con C.I.F. P 2701600E, solicita autorización para realizar obras que afectan al Dominio Público Hidráulico.

Las obras estarán situadas en ambas riberas y márgenes del Rego da Retorta, en el lugar de Vilameá, parroquia de Argozón (San Vicente), T.M. de Chantada (Lugo), y consistirán las mismas en la ejecución, en ambas riberas y márgenes del Rego da Retorta, del proyecto básico "Mejora de accesos al molino de Vilameá".

Lo que se hace público para general conocimiento por un plazo de TREINTA DÍAS, contados a partir del siguiente a la fecha de publicación del presente anuncio en el Boletín Oficial de la provincia de Lugo, a fin de que los que se consideren perjudicados con lo solicitado, puedan presentar sus reclamaciones, durante el indicado plazo, en el **Ayuntamiento de Chantada**, o en las oficinas de la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O.A., sitas en Lugo, Ronda de la Muralla, 131-2ª planta, donde estará de manifiesto el expediente.

Lugo, 13 de agosto de 2019.- EL JEFE DE SERVICIO, José Manuel Blanco López.

R. 2594

---

*Anuncio***Expediente: A/27/16613**

De acuerdo con lo previsto en el artículo 116 del Reglamento de Dominio Público Hidráulico aprobado por Real decreto 849/1986 de 11 de abril (B.O.E. del día 30), se hace público, para general conocimiento, que por resolución de la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O.A., de fecha 29 de mayo de 2019 y como resultado del expediente incoado al efecto, le ha sido otorgada a Isolina Lemos Bermúdez, la oportuna modificación de características de la concesión para aprovechamiento de 0,0081 l/s de agua procedente del pozo Naval, en el lugar de Mourellos, parroquia de Mourellos (San Xulián), término municipal de O Saviñao (Lugo) para usos domésticos y ganaderos, consistente en la ampliación de usos a riego con incremento del caudal a derivar a 0,013 l/s.

Lugo, 17 de agosto de 2019.- EL JEFE DE SERVICIO, José Manuel Blanco López.

R. 2595

---

*Anuncio***Expediente: A/27/18097**

De acuerdo con lo previsto en el artículo 116 del Reglamento de Dominio Público Hidráulico aprobado por Real decreto 849/1986 de 11 de abril (B.O.E. del día 30), se hace público, para general conocimiento, que por resolución de la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O.A., de fecha 29 de mayo de 2019 y como resultado del expediente incoado al efecto, le ha sido otorgada al Ayuntamiento de O Incio, la oportuna concesión para aprovechamiento de 11,996 l/s de agua procedente de un manantial próximo al río Cabe, en la parroquia de San Pedro do Incio (San Pedro), T.M. de O Incio (Lugo) para abastecimiento a varios núcleos del municipio de O Incio.

Lugo, 17 de agosto de 2019.- EL JEFE DE SERVICIO, José Manuel Blanco López.

R. 2596

---

*Anuncio***Expediente: A/27/26802**

De acuerdo con lo previsto en el artículo 116 del Reglamento de Dominio Público Hidráulico aprobado por Real decreto 849/1986 de 11 de abril (B.O.E. del día 30), se hace público, para general conocimiento, que por resolución de la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O.A., de fecha 3 de junio de 2019 y como resultado del expediente incoado al efecto, le ha sido otorgada a la Comunidad de Usuarios Núñez Vázquez, la oportuna concesión para aprovechamiento de 0,008 l/s de agua procedente de un pozo, en el lugar de O Vilar, parroquia de Ousá (San Xiao), término municipal de Friol (Lugo), con destino a uso doméstico.

Lugo, 17 de agosto de 2019.- EL JEFE DE SERVICIO, José Manuel Blanco López.

R. 2597

---

*Anuncio***Expediente: A/27/27140**

De acuerdo con lo previsto en el artículo 116 del Reglamento de Dominio Público Hidráulico aprobado por Real decreto 849/1986 de 11 de abril (B.O.E. del día 30), se hace público, para general conocimiento, que por resolución de la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O.A., de fecha 29 de mayo de 2019 y como resultado del expediente incoado al efecto, le ha sido otorgada a Jesús Osorio Alvilares, la oportuna concesión para aprovechamiento de 0,15 l/s de agua procedente de un manantial sito en la parcela catastral 320 del polígono 102, en el lugar de Axulfe, parroquia de San Pedro de Viana (San Pedro), término municipal de Chantada (Lugo) para usos domésticos y riego de 0,72 has.

Lugo, 17 de agosto de 2019.- EL JEFE DE SERVICIO, José Manuel Blanco López.

R. 2598

---

*Anuncio***Expediente: A/27/27650**

De acuerdo con lo previsto en el artículo 116 del Reglamento de Dominio Público Hidráulico aprobado por Real decreto 849/1986 de 11 de abril (B.O.E. del día 30), se hace público, para general conocimiento, que por

---

resolución de la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O.A., de fecha 3 de junio de 2019 y como resultado del expediente incoado al efecto, le ha sido otorgada al Monte Vecinal en Mano Común de Villafiz, la oportuna concesión para aprovechamiento de 0,023 l/s de agua procedente de un manantial sito en la parcela catastral 5 del polígono 363, en la parroquia de Vilafiz (Santa María), término municipal de Friol (Lugo) para abastecimiento de un local social.

Lugo, 17 de agosto de 2019.- EL JEFE DE SERVICIO, José Manuel Blanco López.

R. 2599

---

*Anuncio*

**Expediente: A/27/27410**

De acuerdo con lo previsto en el artículo 116 del Reglamento de Dominio Público Hidráulico aprobado por Real decreto 849/1986 de 11 de abril (B.O.E. del día 30), se hace público, para general conocimiento, que por resolución de la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O.A., de fecha 29 de mayo de 2019 y como resultado del expediente incoado al efecto, le ha sido otorgada a Ganadería Matanza, S.C., la oportuna concesión para aprovechamiento de 0,157 l/s de agua procedente de un manantial, en el lugar de A Matanza, parroquia de Castro de Rei de Lemos (Santa María), término municipal de Paradela (Lugo) para usos ganaderos.

Lugo, 17 de agosto de 2019.- EL JEFE DE SERVICIO, José Manuel Blanco López.

R. 2600

---